

## DO FUTURISMO E MAIS DO KARMA

Escribíame hai pouco Teixeira de Pascoaes, falando das correntes intelectuais de Portugal: "Uns queren tudo destruír, outros tudo conservar; futuristas ou integralistas"... Outro tanto acontece un pouco en todos lados, no día de hoxe, e, o que pode que sexa peor, outro tanto, se cadra, aconteceu sempre, embora en certos tempos con máis intensa e máis grave tensión. O que chaman tradición - para min tradición non é máis que o desenvolvemento normal dunha cultura - sempre tivo inimigos; as forzas de disolución social estiveron decote loitando, e o que para elas é máis grave, colaborando coas forzas cohesivas, centrípetas, o cal non é estraño, pois é un feito que, por fin, toda loita é unha colaboración, e todo triunfo unha transixencia co vencido. As porfías dos homes desenvólvense dentro dun estreito circo de condicionalidades que os salva, en cada caso crítico, do derradeiro e máis exposto centrifugismo. Quéreo deste xeito a economía da natureza, e a súa conxénita polaridade que se dá aínda dentro do mesmo espírito individual.

O dito non é máis que unha das aplicacións do que expusemos no traballo que adicamos ás ideas de Hermann Keyserling, tocantes a que a vida universal, sen que esta vida sexa, se cadra, unha entidade en si mesma, busca sempre non precisamente o mínimo esforzo, senón unha sorte de tensión media, o camiño máis doado.

O que é, é que, propiamente falando, pode haber pasatismo, máis non hai nin pode haber futurismo.

Efectivamente, é certo que o pasado xa pasou, mais foi, é un feito, e por máis voltas que lle dean, xa non pode deixar de ser; non podemos impedir que fora como foi. Os feitos son irreversíbeis.

En troques, o futuro é para nós como se non o houbera. Temos que distinguir entre o futuro que nós pensamos e o futuro real, que aínda ha vir e non sabemos como ha de ser, aínda na parte en que tal futuro ha de ser obra nosa. Aínda ese pode non ser coma nós queremos. Nós podemos ter agora, non hai

duda, intencións fixas, precisas, definidas, para realizarmos non porvir. Mais non sabemos se o futuro mesmo non nos vai traer intencións novas, quizais opostas ás que agora temos.

O pasado é noso, é cousa xa realizada, xa feita, ninguén nolo pode quitar. O futuro, en troques, pódenos fuxir das mans.

En realidade, nin hai, nin pode haber futuristas, porque se non pode ser partidario do que non existe, do que se non sabe o que é, o que vai ser. Por iso todos os futuristas, unha de dúas: ou son sinxelamente amigos da destrución, ou son en realidade presentistas, que queren proxectar no porvir o presente, ou o presente naquilo que se arreda do pasado, ou unha escolma deste presente ou unha esaxeración de todo ou dunha parte do presente.

Porque non podemos saír do presente máis que pola lembranza ou pola esperanza, que veñen ser os dous elementos da saudade, "cobiza do lonxe" como lle chamou Viqueira en ámbolos sentidos. Mais resulta que, idealmente, non podemos vivir o porvir máis que coas ideas do presente. Interpretamos o pasado coas nosas ideas de hoxe; agardamos do futuro a realización das nosas ideas do instante actual. Mais velaquí que mañá esas ideas han ser xa outras. Non podemos ter agora ideas futuras, como non podemos vivir realmente o futuro máis que cando veña, cando se faga presente.

Non podemos vivir realmente o futuro máis que en adiviñación ou profecía. Non hai máis ciencia do futuro que a astroloxía xudiciaria e similares, as ciencias apotelesmáticas e adiviñatorias. Mais estas non todos as teñen por certas, e aínda os casos de presenza ou videncia do porvir, non serían casos normais, senón isolados e esporádicos.

Idealmente, tampouco podemos vivir o futuro máis que en conxectura, en esperanza, en intención. Conxectura que se pode trabucar, esperanza que se pode esvaír, intención que pode virar. E aínda o que así vivimos non é o futuro, senón o que nós supomos que ha de ser, ou queremos que sexa o futuro.

Porque non somos aínda o futuro. Somos o noso pasado, e se cadra somos o pasado todo da terra, e do Universo enteiro. E aínda ese pasado é o que ha ser porvir, polo menos, o que o ha facer. O pasado é o creador do futuro. Quen sabe se o porvir todo non estaba xa no comezo, na panspermie orixinal? E antes do comezo, non estaba xa, dende sempre, no pensamento de Deus? Suprimide a Deus, e a vida toda do Universo, o porvir da terra e do home, había estar aínda en potencia na sumidade da nebulosa orixinaria, ou no que a substitúa na vosa representación do comezo, ou no fonda1 da eternidade, se pensades que non houbo comezo.

O pasado é a *preformación* do futuro. Canto hai e canto ha haber non é máis que o desenvolvemento das protoformas pasadas. O que é e o que ha ser é secuencia do que foi, e tal cousa acontece porque antes aconteceu tal outra. Porque non hai, nas causas segundas, propiamente, creación, senón transformación: aparecemento de novas formas do mesmo substrato substancial. Iso é a vida, a Evolución Creadora, e canto hai é creación da vida.

A vida é desenvolvemento, esencialmente, e o seu modelo é a árbore. Aínda o home é esencialmente unha árbore: no seu corpo ollamos a disposición arbórea das veas e dos nervios, asunto do que outro día temos que falar. Este feitío vexetal da vida, aínda nas súas formas superiores, nas que recibe a infusión do espírito, foi o que fixo pensar que a raíz da *mandrágora* se podía transformar en home. A árbore é aínda o símbolo da castimonia, da raza, e o home leva este símbolo dentro de si. A natureza mostra decote ao home o camiño recto, segundo o aquel dito de De Maistre, de que o home é sempre advertido do que lle convén saber.

E nós nacemos xa cun futuro herdado, un futuro que nos foi preparado polos que viviron antes que nós. E nós mesmos, no noso pasado e agora mesmo, e obedecendo en gran parte ao pulo hereditario, estamos axudando a crear o noso futuro, inconscientemente, sen nos decatarmos e sen o querer.

Velaquí o que chaman o *karma*: suma dos feitos dos nosos devanceiros e dos nosos propios feitos, que levamos, queiramos ou non, coma un pesado fardel

enriba do lombo: o pasado a gravitar nas nosas costas. Non podemos botar a conta das secuencias que no porvir pode ter o máis pequeno dos nosos feitos. O cristián sabe que pode ceibar a súa alma do *Karma individual* -o pecado e o seu castigo- grazas á penitencia; mais ninguén pode fuxir ao *Karma cósmico*, nin ao *Karma social*.

Como nós recollemos o dos nosos avós, os nosos fillos e os nosos netos han recoller o noso. Pode a decadencia nas culturas ser un feito natural, como a ancianidade do home ou o outono do ano, mais as súas formas en cada caso son Kármicas.

Velaquí como o futuro vén do pasado. En realidade, o valor todo que damos ao pasado non pende máis que nisto: o futuro está xa esencialmente no pasado, como preformación e como Karma.

De aquí sacamos dúas verdades importantes:

1º.- Precisamente de ser o futuro función do pasado, ven o que o futuro sexa, até certo punto, previsíbel e calculábel, previsión e cálculo que se funda no estudo do pasado, o cal sempre ten que ser tido en conta. Efectivamente, os homes cando van emprender calquera cousa, teñen que botar de conta que a natureza ambiente por unha banda, e a natureza humana pola outra, hanse seguir portando como fixeron até hoxe. Se este cálculo crebara, non habería obra posíbel.

2º.- Que a oposición pasado-futuro é aínda unha falsa oposición, como a oposición cultura-natura. Responden as dúas no máis fondo a unha concepción filosófica dogmática e prekantiana, unha trabucada concepción espacial do tempo coma sucesión; e para ceibarnos dela, para ceibarnos, a unha, do pasatismo e do futurismo, témonos que acoller a unha concepción bergsoniana do tempo coma duración.